

DETERMINANTES SOCIOECONÓMICOS DA LINGUA: O CASO DO GALEGO

CARLOS GRADÍN LAGO¹
Universidade de Vigo

Recibido: 9 de xaneiro de 2006

Aceptado: 21 de abril de 2006

Resumo: En Galicia conviven actualmente dúas linguas diferentes co rango de idioma oficial: o castelán, oficial en toda España, e o galego, que adquire o rango de lingua propia da Comunidade Autónoma tras a aprobación do Estatuto de autonomía no ano 1981. Como consecuencia da relativamente recente xeneralización do castelán e da proximidade entrambas as dúas linguas, as estatísticas amosan que o galego mantén unha elevada presenza no conxunto da poboación: case a totalidade da poboación manifesta entender o galego falado e máis dun 60% di falalo de forma habitual en maior medida ca o castelán. Pero cómpre salientar que o galego ten hoxe unha menor presenza nos estratos de poboación urbana, máis nova, educada e de nivel socioeconómico máis elevado, e que a súa utilización é maior no ámbito familiar e máis reducida nas relacións económicas. Neste traballo analízase, en función da «Enquisa de condicións de vida das familias» elaborada polo Instituto Galego de Estatística, o actual perfil socioeconómico dos galegofalantes en función das súas características xeográficas, demográficas e laborais, e como estes factores inflúen na dinámica do cambio lingüístico que vén experimentando a poboación galega.

Palabras clave: Idioma / Factores socioeconómicos / Ingresos / Mercado de traballo.

SOCIOECONOMIC DETERMINANTS OF LANGUAGE: THE CASE OF GALICIAN

Abstract: In Galicia there are two different official languages: Spanish, official in all Spanish regions, and Galician, which obtained the official status of own language since the region achieved its autonomy in 1981. As a consequence of the more recent expansion of Spanish and given the proximity of both languages, surveys show that Galician is still widespread known popular among the population, almost everybody claims to be able to speak this language and more than 60 per cent claims to use it more than Spanish. However, it is clear that Galician is nowadays less spoken among those persons who are high skilled, young and urban, and at the same time it is mainly used in the familiar framework, rather than in the economic relations. In this paper, based on the information contained in the Households Living Conditions Survey (ECVF), carried out by the Galician Statistical Office (IGE), we aim at describing the pattern of those speaking Galician in terms of their geographical, demographic and labor characteristics, and how these factors are also associated to dynamic change in the languages spoken in Galicia.

Keywords: Language / Socioeconomic determinants / Income / Labor market.

1. INTRODUCCIÓN

En Galicia conviven actualmente dúas linguas diferentes co rango de idioma oficial: o castelán, consagrado como oficial pola Constitución do ano 1978 en toda España, e mais o galego, que adquire o rango de lingua propia da Comunidade Autónoma tras a aprobación do Estatuto de autonomía no ano 1981. A diferenza do que acontece noutras áreas xeográficas, a presenza de dúas linguas en Galicia non é consecuencia da existencia dunha poboación inmigrante significativa con lingua diferente á autóctona, pois o 92% da poboación maior de cinco anos naceu en Galicia, tan só un 4% o fixo noutra comunidade autónoma española e outro 4% no es-

¹ O autor agradece o financiamento recibido do Ministerio de Educación y Ciencia (SEJ2004-07373-C03-02).

tranxeiro, e nestes dous últimos casos un 89% reside en Galicia por máis de 5 anos². O crecente protagonismo do castelán é máis ben froito da progresiva adquisición do rango de lingua dominante a través da súa abafante presenza no sistema educativo, nas administracións públicas, nos medios de comunicación, na igrexa, etc., e a súa consecuenta asociación cun maior prestixio social. Froito do recente da xeneralización do castelán e da proximidade entrambas as dúas linguas, as estatísticas amosan que o galego mantén unha elevada presenza no conxunto da poboación: case a totalidade dos galegos manifesta entender o galego falado e máis do 60% fá-lao habitualmente en maior medida ca o castelán. Pero cómpre salientar que o galego ten hoxe unha presenza máis limitada nos estratos de poboación urbana, máis nova, educada e de nivel socioeconómico máis elevado, á vez que a súa utilización é máis intensa no ámbito familiar e nas relacións sociais e menos no eido das relacións económicas.

Neste traballo analízase, precisamente, cal é o actual perfil socioeconómico dos galegofalantes en función das súas características xeográficas, demográficas e laborais, e como estes factores inflúen na dinámica do cambio lingüístico que vén experimentando a poboación galega nas últimas décadas³. Así, na seguinte sección abordamos cales son as características socioeconómicas dos actuais galegofalantes, mentres que na sección terceira analizamos a dinámica experimentada polo galego nas últimas décadas. A última sección resume as principais conclusións do traballo.

2. CARACTERÍSTICAS SOCIOECONÓMICAS DOS GALEGOFALANTES

2.1. OS DATOS

Os datos do presente estudo proceden da *Enquisa sobre condicións de vida das familias* (ECVF) elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) no ano 2003. Esta enquisa, que se realiza desde o ano 1999 e que desde o ano 2001 ten periodicidade anual, contén no seu módulo básico unha abundante información sobre as características socioeconómicas dos fogares galegos, incluídos os seus ingresos, e no ano 2003 contén un módulo específico sobre a utilización do galego. Nese ano dispomos de información sobre 18.572 persoas de todas as idades, das que 18.019 teñen cinco ou máis anos, polo que están incluídas no módulo específico sobre a lingua habitual. A enquisa é representativa de catorce áreas territoriais, entre as que se inclúen as comarcas das sete poboacións de máis de 50 mil habitantes. Tamén é representativa para cada unha destas sete cidades⁴.

² Datos obtidos da *Enquisa de condicións de vida das familias* (2003) do IGE, na que se sustenta este estudo.

³ En Alarcón (2004) pode atoparse un repaso das diferentes aproximacións á economía dos idiomas.

⁴ Para máis información sobre esta fonte de datos, véxase IGE (2003a, 2003b).

2.2. O PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO DO GALEGOFALANTE

De acordo coa ECVF de 2003, o galego conserva unha importante presenza entre a poboación da Comunidade Autónoma no ámbito oral, resentíndose máis no eido escrito, o cal é un bo reflexo da situación desta lingua debido tanto ao especial perfil dos seus falantes como á súa tardía incorporación ao ensino⁵. Así, ata un 61% da poboación, tal e como se amosa na táboa 1, manifesta falar galego de xeito habitual o que, axudado pola proximidade lingüística co castelán, fai que o galego conte cunha moi elevada porcentaxe de coñecemento: un 97% entende o galego oral mentres que un 89% asegura sabelo falar. Moi diferente é a situación do galego escrito, xa que apenas un 14% manifesta que o galego é a súa lingua habitual de escritura e, mentres que un 83% di entender o galego escrito, só un 52% admite sabelo escribir⁶. De acordo coa mesma táboa 1, o galegofalante presenta un perfil moi definido. Como cabía esperar, a utilización e coñecemento do galego é maior entre os nados en Galicia (64%) ca entre os nados fóra e, dentro destes últimos, é máis elevado o uso do galego entre os que levan máis de cinco anos residindo (24%) ca entre os chegados hai menos tempo (9%). Tamén se observa, curiosamente, un maior grao de coñecemento e de utilización entre os homes (64%) ca entre as mulleres (58%)⁷, mais é na idade e no nivel educativo, xunto coa dimensión territorial, onde atopamos as diferenzas máis salientables.

Non existen grandes diferenzas por idade e nivel educativo no que se refire ao entendemento do galego falado, superando o 95% en todos os casos, pero dáse o paradoxo de que a poboación máis nova e cun nivel educativo alto son os que con máis frecuencia o saben escribir e ler e, polo tanto, quen o teñen en maior medida como lingua habitual de escritura, pero son tamén os que menos o falan de xeito habitual. Isto é resultado de que o galego fose introducido na educación formal de forma tardía xusto naquelas xeracións que xa o utilizaban en proporción máis baixa. Así, entre os maiores de 65 anos supera o 80% a porcentaxe de galegofalantes, mentres que se sitúan por baixo do 60% os que o entenden escrito e baixa ao 14% os que o saben escribir, sendo a lingua habitual de escritura para apenas un 7% deles. Pola contra, entre os máis novos (menores de 30 anos) manifestan falalo menos da metade da poboación, o que contrasta co feito de que un 90% dos de entre 16-30 anos o sabe escribir e un 97% o entende escrito. Neste colectivo supera o

⁵ Unha escolma de estudos sociolingüísticos sobre o uso do galego promovidos desde as diferentes institucións públicas pode consultarse en Lorenzo (2003). En Monteagudo (1999) expónse unha detallada historia da presenza social do galego. Máis recentemente en CCG (2006) faise unha análise dos cambios na situación sociolingüística en Galicia entre os anos 1992 e 2003.

⁶ Por “falar habitualmente” estamos a nos referir a aqueles que ante a pregunta de que lingua falan habitualmente contestan ou ben “só galego” (un 43%) ou ben “máis galego ca castelán” (un 18%). Polo tanto, as persoas bilingües son consideradas galegofalantes neste traballo cando din utilizar o galego máis ca o castelán. Consideramos que saben ou que entenden cada modalidade de galego, escrito ou falado, cando na enquisa declaran “moito” ou “bastante” ante a pregunta correspondente.

⁷ A diferenza por sexos concéntrase entre homes e mulleres que realizaron estudos secundarios onde acada os 13 puntos porcentuais, e entre aqueles cunha idade comprendida entre os 16 e os 65 anos (10 puntos de diferenza).

20% a porcentaxe dos que teñen o galego como lingua habitual de escritura. O perfil lingüístico por idades está a reflectir unha forte correlación entre idade e educación, pois por nivel de estudos atopamos diferenzas igualmente pronunciadas: fala galego de xeito habitual o 84% dos que apenas acadaron o nivel de estudos primarios, porcentaxe que se reduce ata o 54% no caso de teren completado ata os estudos secundarios e que baixa ata o 30% para os que acadaron titulación universitaria⁸.

Táboa 1.- Perfil sociodemográfico dos galegofalantes

	SABE ⁺		ENTENDE ⁺		HABITUALMENTE ⁺⁺	
	Escribir	Falar	Escrito	Falado	Fala	Escribe
RESIDENCIA EN GALICIA*						
Nado en Galicia	52,5	92,1	83,9	97,9	64,4	14,6
Reside máis de 5 anos	43,5	60,3	80,0	89,1	24,5	7,8
Reside menos de 5 anos	29,3	41,9	67,0	79,9	9,5	5,6
SEXO*						
Home	55,2	90,7	86,3	97,3	64,0	15,8
Muller	48,3	88,0	80,8	97,0	58,1	12,3
IDADE*						
5-15	75,3	82,9	86,1	95,5	41,8	27,3
16-29	90,0	91,7	96,6	97,6	44,6	21,2
30-64	47,5	88,4	88,2	97,2	62,6	11,5
65+	13,8	91,8	59,2	97,0	81,1	6,7
ESTUDOS**						
Analfabeto ou primarios	20,6	92,8	65,0	97,0	83,9	9,7
Secundarios	63,3	89,0	92,8	97,4	55,6	14,1
Universitarios	75,7	85,4	96,8	97,7	30,0	15,0
TOTAL*	51,6	89,3	83,4	97,1	60,9	14,0

*Porcentaxe da poboación de cinco ou máis anos; **Porcentaxe da poboación de dezaseis ou máis anos; ⁺Moito ou bastante; ⁺⁺Só galego ou máis galego ca castelán.

As diferenzas territoriais, que se presentan na táboa 2, non son menores cás atopadas polas variables sociodemográficas. O galego é falado de xeito habitual por case un 80% da poboación maior de cinco anos nos concellos de menos de 20 mil habitantes, porcentaxe que descende ao 58% nos concellos de entre 20 e 50 mil residentes, e que se reduce a un terzo da poboación no caso das sete cidades galegas con máis de 50 mil habitantes, malia que neste sector o 82% asegura sabelo falar e o 95% entende o galego oral. O único aspecto no que a poboación urbana supera a rural no uso ou coñecemento do galego é na porcentaxe que o sabe escribir e que o entende escrito. Por áreas xeográficas, o maior arraigamento da lingua galega sitúase na zona occidental da provincia da Coruña e na oriental de Pontevedra, cun 87-88% de falantes habituais, mentres que nas comarcas máis urbanas é onde menos se fala, especialmente nas da Coruña e de Vigo, con apenas un terzo da poboación;

⁸ A correlación entre idade e nivel educativo reflíctese en que entre os maiores de 65 anos só un 13% da poboación ten estudos secundarios ou universitarios fronte a un 90% dos que acadaron ese nivel entre os que teñen entre os 16 e os 30 anos.

pero, se nos centramos nos concellos (deixando fóra as áreas rurais da comarca), as porcentaxes descenden a un 24% en Vigo⁹ e a un 27-28% en Ferrol e na Coruña¹⁰. Nos concellos urbanos o galego ten máis forza en Lugo e en Ourense, únicos onde o galego aínda é maioritario na poboación, e en menor medida en Santiago. É nesta última cidade onde unha maior porcentaxe escribe habitualmente en galego. A distribución xeográfica do galego como lingua de fala habitual queda resumida no mapa 1, onde podemos comprobar a súa menor presenza ao longo do eixe urbano formado pola autoestrada do Atlántico que coincide, como é ben sabido, coa área de maior dinamismo económico e demográfico¹¹.

Táboa 2.- Perfil xeográfico dos galegofalantes (maiores de 5 anos)

	SABE ⁺		ENTENDE ⁺		HABITUALMENTE ⁺⁺	
	Escribir	Falar	Escrito	Falado	Fala	Escribe
TAMAÑO DO CONCELLO						
< 20 mil habitantes	51,1	94,5	81,9	98,5	79,1	19,3
20-50 mil habitantes	51,5	89,0	84,4	98,0	58,2	10,2
> 50 mil habitantes	52,5	81,6	85,5	94,8	34,4	7,1
ÁREA COMARCAL						
A Coruña oriental	48,3	96,2	80,7	98,9	79,8	20,4
A Coruña occidental	54,8	97,2	82,3	99,5	88,0	22,2
Santiago	60,6	89,6	89,9	97,7	57,6	17,3
A Coruña	48,6	79,9	84,4	94,3	33,3	5,6
Ferrol	44,2	85,2	83,0	95,9	40,2	6,8
Lugo sur	44,7	93,5	76,1	97,8	81,0	13,1
Lugo	58,7	90,5	89,0	97,9	58,5	14,9
Lugo norte	54,8	94,9	87,8	99,0	84,6	23,6
Resto de Ourense	40,2	95,3	72,7	98,3	81,7	14,5
Ourense	50,8	89,8	84,0	97,7	64,0	11,2
Pontevedra occidental	55,2	91,0	85,4	97,6	66,3	18,1
Pontevedra oriental	54,9	97,4	85,7	99,3	87,1	23,3
Pontevedra	53,1	89,8	81,9	97,2	55,0	9,1
Vigo	54,4	80,4	85,1	94,6	33,7	8,0
CIDADE (> 50 mil hab.)						
Santiago	59,8	86,2	89,3	97,4	44,4	14,1
A Coruña	48,0	78,2	83,7	93,3	28,8	4,4
Ferrol	44,9	81,8	85,1	93,7	27,3	3,5
Lugo	59,0	89,1	90,9	97,7	50,7	11,1
Ourense	53,7	88,2	83,1	97,3	57,1	11,8
Pontevedra	58,0	88,0	85,4	96,9	35,7	8,1
Vigo	52,0	76,5	85,0	93,1	24,3	4,8
TOTAL GALICIA	51,6	89,3	83,4	97,1	60,9	14,0


*Porcentaxe da poboación de cinco ou máis anos; **Porcentaxe da poboación de dezaseis ou máis anos;
⁺Moito ou bastante; ⁺⁺Só galego ou máis galego ca castelán.

⁹ Nótese que o Concello de Vigo contén unha importante área rural onde habita case un 30% da poboación, polo que, de centrámonos exclusivamente na zona urbana, a porcentaxe sería previsiblemente aínda menor.

¹⁰ Véxase o apéndice para a composición das distintas áreas da ECVF por comarcas.

¹¹ Por exemplo, véxase Gradín, Del Río e Cantó (2006).

Mapa 1.- Taxa de utilización do galego como lingua habitual por áreas comarcais



Non cabe dúbida de que existe unha importante interrelación entre os tres grandes factores de diferenciación lingüística: idade, educación e territorio. Por este motivo, a táboa 3 recolle a porcentaxe da poboación que fala habitualmente en galego distinguindo á vez por nivel educativo, por idade e por tamaño do concello. En primeiro lugar, constatamos que o predominio do galego no rural non é só consecuencia da maior presenza de poboación vella e cun nivel educativo baixo, pois para todos os grupos por idade e por nivel de estudos existe un uso do galego moito máis elevado do que atopamos no ámbito urbano. En segundo lugar, constatamos tamén que o perfil lingüístico das diferentes cohortes da poboación é cualitativamente similar pois en todas elas existe unha tendencia a que a maior nivel educativo menor emprego do galego como lingua de fala habitual, aínda que a intensidade varía en cada caso. No conxunto de Galicia, o caso máis claro de relación negativa entre utilización do galego e nivel educativo dáse entre os maiores de 65 anos, pois mentres que dos que teñen estudos primarios un 87% ten o galego por lingua habitual, os poucos que teñen título universitario son os que menos o utilizan (un 27%). A utilización máis baixa do galego dáse entre os universitarios urbanos, con apenas un 14%. Esta relación inversa entre estudos e taxa de galegofalantes é máis suave

no colectivo máis novo e urbano, onde as diferenzas entre niveis educativos case desaparecen, e mesmo atopamos que os universitarios utilizan máis o galego ca aqueles con estudos secundarios. Un terceira conclusión que podemos tirar da observación desta táboa é que dentro da poboación universitaria urbana son os menores de 65 anos os que máis uso fan do galego como lingua habitual, a diferenza do que acontece no conxunto da poboación.

Táboa 3.- O galego como lingua de fala habitual por nivel educativo, por idade e por tamaño do concello

PORCENTAXE DA POBOACIÓN DE 16 OU MÁIS ANOS QUE DECLARA FALAR HABITUALMENTE GALEGO OU MÁIS GALEGO CA CASTELÁN				
	16-29	30-64	65+	Total (16+)
GALICIA				
Analfabeto ou primarios	53,5	83,8	87,0	83,9
Secundarios	45,7	61,5	46,6	55,6
Universitarios	33,9	28,3	27,3	30,0
Total	44,6	62,6	81,1	62,9
< 20 MIL HABITANTES				
Analfabeto ou primarios	74,8	91,0	94,9	92,5
Secundarios	66,7	79,0	66,8	74,5
Universitarios	53,0	46,9	68,6	50,3
Total	65,8	80,3	93,0	80,6
> 50 MIL HABITANTES				
Analfabeto ou primarios	23,9	64,8	65,3	62,2
Secundarios	17,6	36,7	34,0	30,3
Universitarios	20,1	20,5	13,8	19,9
Total	18,6	37,6	55,8	36,6

2.3. O PAPEL DAS VARIABLES ECONÓMICAS E LABORAIS

O principal interese deste traballo está centrado en identificar o papel desenvolvido polas variables económicas e laborais. Do perfil educativo descrito no epígrafe anterior é claro que existirá unha tendencia a que o galegofalante se sitúe nun nivel socioeconómico máis baixo. Se aproximamos este nivel socioeconómico polo nivel de ingresos familiar per cápita¹², observamos (gráfica 1) que non existen diferenzas notables na taxa de galegofalantes das primeiras cinco *decilas*, cun 75% aproximadamente, pero que esta taxa cae a partir da mediana ata acadar o 37% no *decil* de ingreso familiar máis alto. Esta baixada é moito máis suave cando a variable que contemplamos é saber falar galego, e non hai diferenzas por nivel de renda á hora de entender o galego oral. Unha consecuencia da relación entre ingreso familiar e lingua habitual é que mentres que a taxa de pobreza no ano 2003 é dun


¹² Onde agregamos a suma das rendas de todas as fontes (traballo, prestacións sociais, capital, etc.) dos diferentes membros que compoñen o fogar e a dividimos polo número de adultos equivalentes obtida segundo a escala de equivalencia da OCDE modificada (que atribúe un peso de 1 ao primeiro adulto, de 0,5 aos restantes adultos e de 0,3 aos menores de 14 anos).

16,1% para a poboación galegofalante (un 17,5% nos que unicamente utilizan o galego), esta redúcese ao 11,2% entre a poboación que ten o castelán por lingua maioritaria¹³. Por contra, existe unha relación crecente do ingreso familiar con saber ler ou escribir en galego (gráfica 2). Así, preto dun 30% da poboación situada nas dúas primeiras *decilas* sabe escribir e un 71% ler en galego; as porcentaxes soben ata o 58 e o 92%, respectivamente, no caso da última *decila*, a máis rica.


Táboa 4.- Taxa de risco de pobreza segundo a lingua de fala máis habitual

LINGUA DE FALA HABITUAL	TAXA DE RISCO DE POBREZA (%)
Galego	16,1
Só galego	17,5
Máis galego	12,9
Castelán	11,2
Máis castelán	10,2
Só castelán	12,1

Gráfica 1.- Perfil do galego por *decilas* de ingreso familiar



Gráfica 2.- Perfil do galego por *decilas* de ingreso familiar




A relación entre lingua e ingreso é ben diferente cando contemplamos o ingreso individual, o propio ingreso do falante obtido por calquera vía (traballo, prestacións sociais, capital, etc.), tendo unha forma de U invertida moi clara, o que reflicte a menor incidencia do galego tanto entre os máis novos (que se sitúan nas primeiras


¹³ Empregamos como limiar de pobreza o 60% do ingreso mediano familiar por adulto equivalente para o conxunto de Galicia.

decilas) como entre os de nivel educativo superior (*decilas* máis altas). De entre a poboación que obtén ingresos por calquera vía, un 60% dos que se sitúa no *decil* máis baixo fala galego habitualmente, cifra que ascende ata superar o 80% na terceira e na cuarta *decilas*, e que volve descender desde ese punto ata o 40% da *decila* máis alta de ingreso. Nas dúas últimas *decilas* é tamén onde se sitúa a menor porcentaxe de poboación que sabe falar galego, aínda que segue sendo superior ao 80%. Nas *decilas* onde máis galegofalantes atopamos é, precisamente, onde unha menor porcentaxe da poboación sabe ou entende o galego escrito.

Gráfica 3.- Perfil do galego por *decilas* de ingreso individual



Gráfica 4.- Perfil do galego por *decilas* de ingreso individual



O perfil dos galegofalantes en función da súa situación laboral preséntase na táboa 6. Fala galego de xeito habitual un 60% de todos os ocupados, e comprobamos que os colectivos que amosan unha maior utilización do galego son os empresarios ou profesionais sen asalariados (77%), ademais dos que prestan axuda familiar ou son membros de cooperativas; por sector de actividade son os traballadores do sector primario (93%) e do de enerxía e construción (76%), sendo tamén maior a utilización do galego no sector privado (63%). Pola contra, a menor utilización do galego atopámola entre os asalariados (54%) e os empresarios ou os profesionais con 10 ou mais asalariados (60%), sendo menos proclives a falar en galego os traballadores dos sectores da sanidade (35,4%) e da educación e das Administracións Públicas (sobre o 45% en ambos os dous). Chama a atención que, en cambio, son os traballadores do sector educativo os que máis habitualmente escriben en galego (un 26%), sendo os da sanidade os que menos (7%). Entre os grupos de ocupación, á

parte das Forzas Armadas (19%), o colectivo con menor uso do galego é o de técnicos e empregados administrativos, onde aproximadamente un terzo fala habitualmente galego, o que contrasta co case o 95% dos traballadores cualificados agrícolas, así como outros traballadores cualificados nos sectores non agrarios e os operadores industriais (superan o 70%). En xeral, os grupos por variables laborais que máis habitualmente falan galego son os que máis o saben falar e o entenden falado, pero os que menos o saben escribir e o entenden escrito.

Táboa 5.- Perfil laboral dos galegofalantes (maiores de 16 anos)

	SABE ⁺		ENTENDE ⁺		HABITUALMENTE ⁺⁺	
	Escribir	Falar	Escrito	Falado	Fala	Escribe
TOTAL MAIORES DE 16 ANOS	49,2	90,0	83,2	97,3	62,9	12,6
NON OCUPADOS (inactivos ou parados)	38,9	90,4	75,4	97,1	65,7	9,9
TOTAL OCUPADOS	61,3	89,4	92,4	97,5	59,7	15,7
POR SITUACIÓN PROFESIONAL						
Asalariado	66,0	88,6	93,8	97,3	54,0	15,5
Traballador en formación	73,3	85,4	86,1	95,1	69,9	23,1
Aprendiz remunerado	86,9	90,1	100,0	100,0	63,0	26,6
Empresario ou profesional sen asalariados	47,5	91,2	87,4	97,9	76,7	16,7
Axuda familiar	45,6	96,5	82,3	99,6	84,0	20,5
Membro de cooperativa	52,7	93,0	97,0	98,5	86,0	6,0
Empresario ou profesional con 10+ asalariados	50,6	90,7	95,0	98,1	59,6	16,8
Empresario ou profesional con 10- asalariados	52,4	90,1	92,8	97,9	64,5	12,5
POR GRUPO DE OCUPACIÓN						
Forzas Armadas	58,5	76,9	82,7	86,7	19,0	5,7
Dirección de empresas e AA.PP.	48,9	86,0	92,4	97,6	60,8	12,6
Técnicos e profesionais científicos	76,2	86,0	98,3	98,5	34,1	20,3
Técnicos e profesionais de apoio	66,0	84,9	95,9	98,1	30,5	9,0
Empregados de tipo administrativo	69,2	84,3	93,4	97,3	36,3	13,4
Traballadores de servizos de restauración	65,7	86,8	91,8	96,8	48,6	10,9
Traballadores cualificados en agricultura	44,9	96,8	85,8	99,3	94,9	21,3
Artesáns e traballad. cualificados non agrarios	61,6	92,5	92,2	97,3	73,9	18,1
Operadores de instalacións e maquinaria	62,6	94,7	93,9	98,7	75,5	16,8
Traballadores non cualificados	54,9	88,6	88,7	95,4	66,1	16,6
SEGUNDO SECTOR PÚBLICO OU PRIVADO						
Público	72,1	87,5	95,0	97,3	44,6	17,3
Privado	59,2	89,8	91,9	97,6	62,5	15,4
POR SECTOR DE ACTIVIDADE						
Primario	46,4	96,3	85,1	99,2	92,8	20,0
Manufacturas	65,6	90,9	95,2	98,4	62,5	16,9
Enerxía e construción	61,0	93,3	92,2	97,8	75,8	19,1
AA.PP.	71,6	85,8	93,2	96,8	44,6	16,3
Educación	81,8	89,2	98,5	98,7	45,3	26,1
Sanidade	68,4	88,1	95,6	97,2	35,4	6,5
Resto servizos	58,5	86,0	92,0	96,5	50,3	12,4

⁺Moito ou bastante; ⁺⁺Só galego ou máis galego ca castelán.

2.4. AS NOVAS TECNOLOXÍAS

Un dos aspectos onde mellor se reflicten as diferenzas socioeconómicas na sociedade actual é no emprego das novas tecnoloxías. Considerando neste ámbito o emprego por parte do falante dunha lingua do teléfono móbil, do ordenador (durante o mes previo á entrevista), se ten ou non correo electrónico, e se se conectou ou

non a internet (nos tres meses previos á entrevista), podemos comprobar na táboa 6 o menor emprego das novas tecnoloxías entre os galegofalantes, consecuencia do menor nivel educativo, da maior ruralización e do avellentamento. Entre a poboación que habitualmente fala en galego, un 40% usa o teléfono móbil e un 19% o ordenador, o que contrasta co 65 e co 54%, respectivamente, de castelanfalantes. Á vez, un 12% dos galegofalantes conectouse a internet nos tres meses inmediatamente anteriores á entrevista e un 7% posuía unha conta de correo electrónico, fronte a unhas porcentaxes do 40% e do 29%, respectivamente, dos que habitualmente empregan castelán. Se consideramos estes catro indicadores á vez, comprobamos que mentres que apenas un 10% dos galegofalantes usa móbil, usa PC, se conectou a internet e dispón de correo electrónico (están *integrados* nas novas tecnoloxías), entre os que falan habitualmente castelán esta porcentaxe elévase ao 33%. Pola contra, un 55% dos galegofalantes non fai uso de ningún deses avances tecnolóxicos (estando *excluídos* das novas tecnoloxías), fronte a un 23% dos falantes habituais en castelán.

Táboa 6.- Uso das novas tecnoloxías e lingua de fala habitual

PORCENTAXE DA POBOACIÓN DE 5 OU MÁIS ANOS QUE CONTESTA AFIRMATIVAMENTE		
	Lingua habitual	
	Galego	Castelán
Usa móbil	40,2	65,0
Usa PC	18,9	53,6
Conectouse a internet	12,0	40,3
Ten correo electrónico	7,0	29,0
<i>Integrados</i>	9,7	33,4
<i>Excluídos</i>	55,3	23,2

2.5. OS ÁMBITOS LINGÜÍSTICOS

O bilingüismo dunha boa parte da poboación galega é claramente asimétrico, pois se emprega un idioma ou outro dependendo do ámbito de que se trate, aspecto este que queda recollido na táboa 7 facendo distinción por grupo de idade. Resulta obvio, en primeiro lugar, que o ámbito onde o galego é máis utilizado como lingua de fala habitual –entre o 60 e o 70% da poboación– é o familiar e, en segundo lugar, que os cambios interxeracionais fan que cada cohorte empregue o galego en menor medida cá anterior en todos os ámbitos, pero especialmente naqueles onde máis se utilizaba esa lingua. A paulatina perda de peso do galego como lingua de fala habitual nas relacións sociais reflíctese tamén no feito de que, especialmente entre os menores de 30 anos, se fala máis galego cos familiares de máis idade, como os avós e os pais ou as nais, ca cos irmáns, cos amigos ou, eventualmente, cos propios fillos. Así, un 70% da poboación galega emprega o galego cos avós fronte a un 61% que fai o propio cos fillos. No caso da poboación entre 16 e 30 anos, estas porcentaxes son do 60% e do 33%, respectivamente. O galego fálase en menor

medida ca no eido familiar no ámbito dos servizos e no laboral. No primeiro caso, é utilizado especialmente nas relacións co persoal da Administración, do comercio ou do banco e, en menor medida, nos eidos educativo e sanitario –cos profesores dos fillos e cos médicos, respectivamente–, o que é consistente co feito de que os traballadores destes dous sectores son os que menos uso fan do galego. No segundo caso, é máis empregado cos compañeiros e cos clientes ca co persoal ao cargo e os superiores. Estas características –maior uso familiar sobre todo cos máis vellos e menor nos servizos e no ámbito laboral– danse tamén cando nos centramos na poboación galegofalante, pois só un 83% dos que teñen entre 16 e 30 anos se dirixe aos seus fillos no idioma propio, ou un 80% aos seus clientes.

Táboa 7.- O galego como lingua de fala habitual por ámbitos segundo a idade

PORCENTAXE QUE FALA GALEGO OU MÁIS GALEGO CA CASTELÁN SOBRE TOTAL QUE FALA/FALOU ALGUNHA VEZ NESE ÁMBITO					
	Idade				Total
	5-15	16-29	30-64	65+	
TODA A POBOACIÓN					
FAMILIA E AMIGOS					
Nai	41,7	48,3	67,4	85,8	64,9
Pai	44,5	50,0	67,6	85,6	65,6
Avós	48,3	59,5	72,8	88,7	70,6
Irmán	41,2	43,9	63,8	84,1	62,4
Parella	-	38,1	60,7	81,7	63,1
Fillos	-	43,5	55,9	76,0	61,9
Amigos	39,4	43,6	63,5	81,8	61,0
SERVIZOS					
Comerciantes	39,9	42,6	58,2	76,8	57,5
Médicos	-	40,0	51,5	71,2	53,6
Profesores dos fillos	-	46,9	51,2	59,8	51,8
Persoal Administración	-	46,6	59,3	72,4	59,4
Persoal do banco	-	43,1	55,1	73,1	56,6
LABORAL					
Compañeiros	-	51,3	60,6	80,6	63,2
Superiores	-	53,5	55,8	59,6	56,2
Persoal ao cargo	-	44,7	48,6	60,4	49,8
Clientes	-	44,3	56,6	78,7	60,0
GALEGOFALANTES					
FAMILIA E AMIGOS					
Nai	92,5	93,5	95,4	98,6	95,8
Pai	94,7	94,6	95,3	98,5	96,1
Avós	95,4	95,7	96,5	98,9	97,0
Irmán	92,6	91,3	93,8	98,5	94,8
Parella	-	83,2	92,1	97,6	93,2
Fillos	-	83,2	84,1	91,4	86,8
Amigos	89,5	90,5	95,4	98,3	95,1
SERVIZOS					
Comerciantes	89,5	87,5	88,5	93,8	89,9
Médicos	-	83,6	79,7	86,9	82,6
Profesores dos fillos	-	87,5	81,6	77,6	81,3
Persoal Administración	-	87,9	87,3	89,8	88,1
Persoal do banco	-	87,5	85,1	90,2	87,0
LABORAL					
Compañeiros	-	89,7	91,7	95,3	92,4
Superiores	-	86,6	89,5	91,1	89,5
Persoal ao cargo	-	82,0	77,3	77,6	78,2
Clientes	-	80,4	85,2	92,9	87,1

3. DINÁMICA DO CAMBIO DE LINGUA

O actual perfil socioeconómico dos galegofalantes non é máis ca o resultado da dinámica de cambio lingüístico experimentada pola poboación galega nos últimos anos. Botar algo de luz sobre este fenómeno e a súa interrelación cos factores socioeconómicos é o obxectivo deste epígrafe. A evolución do galego que podemos inferir da análise da ECVF reflicte, por unha banda, un profundo e relativamente recente cambio interxeracional cara a un maior emprego do castelán como lingua de fala habitual por parte dos fillos das familias galegofalantes. En segundo lugar, tamén aparece un cambio máis leve que vai no sentido contrario: cara a un maior uso do galego como lingua habitual.

O primeiro destes procesos consiste na ruptura da transmisión interxeracional do galego que se reflicte nun maior emprego do castelán nas xeracións actuais fillas de galegofalantes, proceso que podemos cuantificar comparando a lingua de fala habitual de fillos (menores de 65 anos) e os seus proxenitores nos casos nos que nos é posible identificalos na enquisa. Isto acontece cando o entrevistado convive co seu pai ou coa súa nai, e esta é a persoa de referencia do fogar (ou asimilada)¹⁴, subpoboación que representa o 42% das persoas entre 5 e 65 anos, sendo especialmente representativa no caso da poboación menor de 30 anos, onde supera o 80%, tal e como se observa na primeira columna da táboa 9. As dúas columnas seguintes desa táboa mostran que na poboación menor de 30 anos onde o proxenitor fala galego un 35-40% declara falar castelán como lingua habitual, mentres que fala galego en torno ao 6% dos fillos dos que falan habitualmente en castelán. Entre os maiores de 30 anos o cambio lingüístico afecta a un 19% dos casos con proxenitor galegofalante e a un 15% dos castelanfalantes, polo que a diferenza é moito menor, sinal de que o proceso tende a acelerarse¹⁵. O proceso *castelanizador* é mais intenso canto maior é o nivel educativo acadado polo fillo. A metade dos menores de 30 anos que teñen estudos universitarios e son fillos dun galegofalante falan habitualmente castelán, así como no medio urbano onde afecta a un 64%, tendo unha maior incidencia no *quintil* máis alto de ingreso familiar (45%, isto último reflectido na gráfica 5). Entre a poboación rural, na maior de 30 anos e na que ten estudos non universitarios é onde se observa o proceso inverso: o fillo de proxenitor castelanfalante fala galego.

Outra forma alternativa de contemplar o cambio interxeracional (táboa 9) consiste en comparar a lingua de fala habitual actual do entrevistado con aquela na que

¹⁴ A enquisa recolle información que permite establecer os vínculos familiares entre todos os membros do fogar pero, por preservar a anonimato, o IGE unicamente facilita a relación de cada entrevistado coa persoa de referencia, a persoa principal ou o sustentador principal do fogar. Neste exercicio comparamos a lingua habitual do entrevistado coa da persoa de referencia do fogar e, no seu defecto, coa principal ou co sustentador principal, sempre que algún deles viva e forme parte do mesmo fogar. Excluímos os fillos maiores de 65 anos por falta de representatividade (0,2% da mostra identificada).

¹⁵ De todos os xeitos, neste tramo da poboación apenas estamos a considerar o 14% das persoas entrevistadas, polo que a súa representatividade é máis discutible.

Ile falaron os seus pais cando era neno (columnas 4 e 5 da táboa 9). A vantaxe desta alternativa fronte á anterior é que podemos empregar toda a mostra pero a desvantaxe é que non estamos considerando como cambio idiomático os casos nos que uns pais galegofalantes lles falaron aos seus fillos en castelán, xa que non queda recollido na enquisa cal era a lingua habitual dos pais senón só en que lingua lle falaram ao entrevistado cando era neno. Deste xeito estamos a infravalorar o proceso de castelanización entre xeracións, pois xa comprobamos que un 16% dos pais galegofalantes menores de 64 anos falan castelán cos seus fillos (táboa 8). Aínda así, observamos que falarlles galego aos fillos non garante que estes sexan galegofalantes, pois un 13% da poboación a quen os seus pais se dirixían en galego actualmente teñen como lingua de fala habitual o castelán. Na dirección contraria, comprobamos que un 10% daqueles aos que os pais lles falaron maioritariamente en castelán actualmente falan galego. O cambio máis acentuado entre os que tiveron como lingua materna o galego dáse entre os que teñen entre 16 e 30 anos, cun 23% que falan castelán habitualmente, e entre a poboación urbana e de nivel educativo alto (superando o 30%). Nos que tiveron o castelán como lingua materna o maior cambio ao galego produciuse entre os que teñen entre 30 e 64 anos, cun 12%.


Táboa 8.- Cambio de lingua de fala habitual

IDADE	FALA UNHA LINGUA DIFERENTE DA QUE						
	fala o seu proxenitor (persoa de referencia)			lle falaron os seus pais de neno		aprendeu de neno	
	Poboación identificada (%)	% cambia		% cambia		% cambia	
		De galego a castelán	De castelán a galego	De galego a castelán	De castelán a galego	De galego a castelán	De castelán a galego
5-15	93,1	36,0	5,8	13,1	3,9	4,4	5,6
16-29	83,3	39,9	6,4	22,9	9,6	6,6	8,4
30-64	13,7	18,6	14,6	13,6	12,0	6,4	13,9
65+	-	-	-	6,9	8,0	4,3	15
TAMAÑO DO CONCELLO							
< 20 mil habitantes	42,8	21,5	16,4	6,4	18,1	2,8	20,2
20-50 mil habitantes	42,5	43,3	5,0	14,2	10,6	4,4	11,3
> 50 mil habitantes	40,0	64,4	4,3	31,0	5,7	15,8	6,9
Total 5+	41,8	34,0	7,3	13,2	9,8	5,7	11,4
EDUCACIÓN (16-29 anos)							
Primaria	85,6	32,5	10,2	18,2	9,0	2,6	6,0
Secundaria	81,9	38,6	5,8	22,4	10,1	6,7	9,0
Universidade	88,6	51,1	6,9	30,1	7,8	9,5	6,7
EDUCACIÓN (30-64 anos)							
Primaria	8,8	9,0	11,2	5,8	15,5	2,8	25,1
Secundaria	15,2	18,0	18,2	15,7	12,7	7,6	14,1
Universidade	15,7	40,3	9,1	32,6	9,2	14,8	8,7

Compatible cunha progresiva castelanización, aparece un proceso inverso intraxeracional de galeguización, reflectido na comparación entre a lingua que o entrevistado declara falar de xeito habitual na actualidade coa lingua na que aprendeu


a falar cando era neno, e que non ten por que coincidir con aquela na que lle falaban os seus pais¹⁶. Neste caso, cambia un 11% dos que aprenderon a falar en castelán e que falan actualmente en galego, fronte ao 6% que fixeron o cambio inverso. A galeguización é máis intensa a maior idade, menor nivel educativo e ingreso medio (terceiro *quintil*, ver gráfica 6).

Gráfica 5.- Cambio interxeracional da lingua (porcentaxe de falantes de cada lingua que cambia a outra, por *quintiles*)



(1) Respecto da lingua do proxenitor; 2) respecto da lingua na que lle falaban os pais de neno.

Gráfica 6.- Cambio interxeracional da lingua: cambio por *quintiles*



Na enquisa preguntase directamente se a lingua de fala habitual actual é a mesma de sempre ou non e, neste último caso, cal foi a dirección e o motivo do cambio. Esta pregunta é reveladora da aposta polo galego dun pequeno colectivo de xente nova, urbana e cualificada. Así, do total da poboación maior de 16 anos, un 2,8% asegura ter mudado cara a falar só galego ou máis galego ca castelán fronte a un 2,15% que se moveu en sentido inverso. A maioría dos cambios lingüísticos danse entre os menores de 65 anos, e entre aqueles con estudos universitarios ou secundarios. Así, o cambio cara a máis uso do galego afecta a un 3,5% dos meno-

¹⁶ Un 28% dos entrevistados que de neno escoitaron dos seus pais falar máis galego ca castelán declaran que aprenderon a falar unicamente en castelán. O mesmo acontece co 3,5% daqueles aos que os seus pais lles falaban unicamente en galego.

res de 30 anos, un 3,3% dos que viven nas cidades, un 4,5% do *quintil* máis elevado de ingreso e a case o 6% dos que acadaron estudos universitarios. Pola contra, emprega máis castelán un 2,4% dos de idade entre 30 e 65 anos, un 3,5% dos que viven en cidades, un 2,75% dos que teñen estudos universitarios e un 2,9% do *quintil* máis alto. Este cambio intraxeracional de idioma ten motivacións diferentes segundo a dirección que tome, pois cando se lles pregunta a aqueles que recoñecen ter cambiado de idioma polas razóns dese cambio, estes responden que os motivos de carácter persoal son máis importantes para cambiar a máis galego do que o son para o cambio a máis castelán (un 60% fronte a un 30%), mentres que a educación e o traballo inflúen máis na dirección contraria (táboa 9).

Táboa 9.- Cambio persoal de idioma

PORCENTAXE DA POBOACIÓN DE 16 OU MÁIS ANOS DE IDADE QUE CAMBIOU DE LINGUA HABITUAL		
	A máis galego	A máis castelán
IDADE		
16-29	3,5	2,1
30-64	3,3	2,4
65+	1,1	1,6
ESTUDOS		
Primaria	1,4	1,3
Secundaria	3,1	2,6
Universidade	5,9	2,8
TAMANO DO CONCELLO		
< 20 mil habitantes	2,6	1,4
20-50 mil habitantes	2,0	1,8
> 50 mil habitantes	3,3	3,5
QUINTIL DE INGRESO FAMILIAR		
1	1,7	1,7
2	2,1	1,9
3	2,5	2,1
4	3,0	2,0
5	4,5	2,9
Total	2,8	2,2
MOTIVOS DO CAMBIO		
Persoais	60,0	29,6
Educación	9,3	14,6
Traballo	15,0	21,3
Amizades	16,9	14,1
Outros	9,7	26,5
Total	100,0	100,0

4. CONCLUSIÓNS

O obxectivo deste traballo foi o de facer unha aproximación ao perfil social, demográfico e laboral dos galegofalantes actuais, pondo de relevo o feito de que o galego segue a ser a lingua maioritaria na poboación da Comunidade Autónoma, malia que presenta un cadro preocupante de retroceso como lingua de fala habitual tanto en determinados sectores da poboación –sobre todo a máis nova, educada, urbana e de estrato socioeconómico máis alto– coma nos ámbitos laboral e comercial. Así, corre o risco de quedar como reduto na poboación máis vella, de menor

cualificación, do rural e no ámbito familiar. Paradoxalmente, os sectores cun menor grao de utilización son os que máis capacidade teñen para usar e para entender o galego escrito e, ademais, saben falar galego nunha elevada porcentaxe, polo que o desapego respecto do idioma non parece estar relacionado coa capacidade ou non de falalo. Nesta primeira aproximación descritiva aos factores socioeconómicos asociados á lingua habitual en Galicia, identificamos tres factores primarios importantes que marcan a diferenza de idioma utilizado, como son a área xeográfica, o nivel educativo ou a idade, pero as diferenzas transmítense a todo o conxunto de variables socioeconómicas, comezando polo ingreso do fogar. Así, atopamos que o risco de pobreza nos galegofalantes supera en máis dun 40% ao que atopamos nos que empregan máis o castelán como lingua de fala habitual, ou que mentres que empregan o galego máis dun 70% dos que están por baixo da mediana de ingreso familiar, apenas un 40% o utilizan no *decil* máis alto. O galego está máis presente entre os traballadores autónomos, especialmente no sector agrario, e menos entre os asalariados dos servizos de educación, da saúde ou da Administración Pública. Tamén atopamos que os galegofalantes, dado o seu perfil socioeconómico, teñen un menor grao de integración nas novas tecnoloxías, especialmente no uso de internet. O perfil actual do galegofalante é o resultado dunha dinámica que levou á ruptura da transmisión interxeracional da lingua dentro dun importante sector dos fogares galegos. Este proceso é compatible cunha leve recuperación do idioma propio como lingua de fala habitual por parte dun pequeno sector desa poboación que en maior medida deixou de falar galego –xente nova, urbana, universitaria e de estrato socioeconómico alto–, o que pode ser sinal do cambio no estigma social que levou aparelado o galegofalante durante moito tempo.

ANEXO

AS ÁREAS COMARCAIS NAS ECVF

ÁREAS COMARCAIS	COMARCAS
A CORUÑA	
A Coruña Oriental	Arzúa, Betanzos, Eume, Melide, Ordes, Ortegal
A Coruña Occidental	A Barcala, A Barbanza, Bergantiños, Fisterra, Muros, Noia, O Sar, Terra de Soneira, Xallas
Comarca de Santiago	
Comarca da Coruña	
Comarca de Ferrol	
LUGO	
Lugo Sur	Os Ancares, Chantada, A Fonsagrada, Quiroga, Sarria, Terra de Lemos, A Ulloa
Comarca de Lugo	
Lugo Norte	A Mariña Central, A Mariña Occidental, A Mariña Oriental, Meira, A Terra Chá
OURENSE	
Resto de Ourense	Allariz-Maceda, Baixa Limia, O Carballiño, A Limia, O Ribeiro, Terra de Caldelas, Terra de Celanova, Terra de Trives, Valdeorras, Verín, Viana
Comarca de Ourense	
PONTEVEDRA	
Pontevedra Occidental	O Baixo Miño, Caldas, O Morrazo, O Salnés
Pontevedra Oriental	O Condado, Deza, A Paradanta, Tabeirós-Terra de Montes
Comarca de Pontevedra	
Comarca de Vigo	

BIBLIOGRAFÍA

- ALARCÓN, A. (2004): *Economía, política e idiomas*. (Colección Estudios). Madrid: Consejo Económico y Social.
- CCG (2006): *A situación sociolingüística de Galicia (1992-2003)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- GRADÍN, C.; RÍO, C. DEL; CANTÓ, O. (2006): *La distribución de la renta en Galicia: análisis territorial de la desigualdad y la pobreza*. Santiago de Compostela: CIEF / Fundación Caixa Galicia.
- IGE (2003a): *Enquisa de condicións de vida das familias: metodoloxía*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística. (www.xunta.es/auto/ige).
- IGE (2003b): *Enquisa de condicións de vida das familias: cuestionario*. Santiago de Compostela: Instituto Galego de Estatística. (www.xunta.es/auto/ige).
- LORENZO, A. (2003): "Estudios sobre a situación sociolingüística da lingua galega (1990-2002)", *Noves SL. Revista de Sociolingüística*, núm. 1, (primavera), pp. 1-9.
- MONTEAGUDO, H. (1999): *Historia social da lingua galega*. Vigo: Galaxia.